



## Concello de Campo Lameiro

**Expediente núm.:** 288/2022

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Data de iniciación:** 06/06/2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes:

Vista a necesidade de contratar a 1 peón de limpeza, en relación a concesión de subvención para a contratación temporal de persoas en risco de exclusión social perceptoras da RISGA, segundo resolución de 01 de xuño de 2022, onde se fixa o inicio para o 1 de xullo de 2022.

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta do Xefe de Persoal/do Servizo	17/06/2022	
Informe de Secretaría	17/06/2022	
Bases Xerais da Convocatoria	20/06/2022	
Informe de Fiscalización	20/06/2022	

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

En relación ao artigo 13 da Orde reguladora de subvencións a entidades locais para a contratación de persoas beneficiarias de Risga para o ano 2022, onde se establecen os criterios de selección e as características de contratación a realizar por parte das entidades beneficiarias.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar a cantidade de 13.649,49 euros, á que ascende a retribución correspondente á praza vacante obxecto de convocatoria.

**SEGUNDO.** Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura da praza vacante arriba referenciada, que se adxuntan ao final de esta resolución.

**TERCEIRO.** Convocar o proceso de selección por concurso para a cobertura das prazas arriba referenciadas.

**CUARTO.** Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, no Taboleiro Municipal de Anuncios e na páxina web do concello ([www.campolameiro.org](http://www.campolameiro.org))

**QUINTO.** Vista a comunicación de *Consellería de promoción do emprego e igualdade, e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*, designar os membros do Tribunal que deben Xulgar as

**Concello de Campo Lameiro**

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 3PQHFTND3W2NSYRPJR9GP2C7 | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



## Concello de Campo Lameiro

---

correspondentes probas, notificarlles a resolución de designación, para o seu coñecemento, e publicar a composición do Tribunal.

**SEXTO.** Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas de selección, aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e publicar a relación no Taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello ([www.campolameiro.org](http://www.campolameiro.org))

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 3PQHFTND3W2NSYRPJR9GP2C7 | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



## Concello de Campo Lameiro

---

### BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 PEÓN DE LIMPEZA

#### PRIMEIRA. Normas Xerais

Vista a resolución de concesión de subvención en relación ao procedemento TR351F, subvencións para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da risga.

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de ditas subvencións, e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022, publicada no DOGA n.º 21 de 1 de febreiro de 2022.

Vista a necesidade de contratación derivada dos anteriores antecedentes, é obxecto das presentes bases a selección da praza de 1 Peón de Limpeza, con xornada ao 75% na modalidade de contrato temporal para mellora da empregabilidade, durante 9 meses.

A data de inicio prevista é o 1 de xullo de 2022, e o salario será o correspondente ao Convenio Colectivo de Limpeza de Edifícios e Locais de Pontevedra, publicado no BOPPO n.º 164 de 28/08/2019, e en concreto o seguinte:

- Salario Bruto 1.125,94€ (incluíndo os prorrateos das pagas extra)
- SS a cargo da empresa: 390,70€

#### SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Ser beneficiario de Risga e ser preseleccionado pola Oficina de Emprego correspondente (Pontevedra-Bisbarra)





## Concello de Campo Lameiro

---

### TERCEIRA. Quenda de Reserva

Os candidatos non seleccionados, quedarán nunha lista de reserva por orde de puntuación obtido no proceso de selección.

En caso de baixa por un período estimado superior a 30 días farase un chamamento por orde na lista, en caso de non poder contactar co seguinte candidato, ou de renunciar pasarase ao seguinte.

### CUARTA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes (Anexo I), requirindo tomar parte no concurso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo *fixado na correspondente oferta de emprego remitida á Oficina de Emprego de Pontevedra-Bisbarra*.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse en *O Taboleiro de Anuncios Municipal*, e na *páxina web do Concello de Campo Lameiro* ([www.campolameiro.com](http://www.campolameiro.com))

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

### QUINTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase por resolución da alcaldía a relación provisional de admitidos e excluídos, a cal será publicada na web do concello e no taboleiro de anuncios municipal, os candidatos terán un prazo de 1 día hábil contado dende o día seguinte o da súa publicación para presentar alegacións, enmendar os motivos de exclusión ou alegar posibles méritos para o proceso de selección, de ser o caso.

Vistas as alegacións presentadas, por Resolución de Alcaldía procederáse á aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos, que, igualmente será obxecto de publicación en *o Taboleiro de anuncios municipal e na web do concello*. Na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

### SEXTA. Tribunal Calificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.





## Concello de Campo Lameiro

---

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do tribunal calificador é a seguinte:

- Presidente: por designación da entidade beneficiaria
- Vocal: designación por parte da consellería de promoción de emprego e igualdade
- Vocal: equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Serizos de Igualdade e Benestar
- Secretario: sen voto, por designación da entidade beneficiaria.

Todos os postos poderán ser substituídos pola persoa en que a persoa designada delegue.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Asesorados deberán gardar sixelo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo aconsélleo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### SÉTIMA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

#### FASE A:

Segundo o artigo 13.d) das bases reguladoras para a contratación de persoas beneficiarias da Risga, valorarase os seguintes criterios sociais:

- Ter un proxecto de inserción de carácter laboral. **1 punto**
- Ter máis de 45 anos. **1 punto**
- Ter cargas familiares.
  - 1 fillo: **0,5 puntos**
  - 2 fillos: **1 punto**
  - 3 ou máis fillos: **1,5 puntos**

#### FASE B:

O Tribunal Cualificador realizará unha entrevista persoal, con chamamento por orden alfabética dos candidatos, onde se avaliarán as actitudes persoais e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Esta entrevista valorarase de **0 a 4 puntos**





## Concello de Campo Lameiro

---

### **OITAVA. Cualificación**

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en ambas fases, onde o de maior puntuación será proposto para o posto, e os demais quedarán na lista de reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate de dous candidatos, priorizarase o que maior puntuación obtivera nos criterios sociais, por orde en que figuran nas probas.

Unha vez finalizadas as probas publicarase un anuncio cos resultados obtidos, establecendo un prazo de 1 día hábil para presentar alegacións

### **NOVENA. Relación de Aprobados, Acreditación de Requisitos Esixidos e Nomeamento**

Una vez terminada a cualificación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na páxina web deste concello, e no taboleiro de anuncios municipal

A resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do aspirante proposto polo Tribunal, quen deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo en que se estableza.

### **DÉCIMA. Incidencias**

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

